

Käfig: Terrain vague

(Terreo baldío)

VENRES 25 | ZONA "C" | 18.00 h | 20.00 h

Dirección artística, coreografía: **Mourad Merzouki** / Asistente coreógrafo: **Kader Belmoktar** / Interpretación: **Karim Beddaoudia, Kader Belmokta, Hafid Sour, Mickaël Arnaud** / Música: **AS'N** / Paisaxe sonora: **Frédéric Miclet** / Vestiario: **Carima Amarouche, Valérie Alcantara** / Escenografía: **Mourad Merzouki, Benjamin Lebreton** Construción decorado: **Elisabeth Buisson, Stéphane Guillemin, Patrick Lerat e Gilles Simon Perret (Acte 48)** / Produción: **Compañía Käfig, Maison de la Danse de Lyon, Espace des Arts-Scène nationale de Chalon sur Saône, Château Rouge-Annemasse e Espace Albert Camus de Bron** / Duración: **20'** / Co apoio da fundación **BNP Paribas L'association Beaumarchais** / A compañía Käfig está subvencionada polo **Ministerio de Cultura-DRAC Rhône-Alpes**, a **Rexión Rhône-Alpes** (compañía subvencionada), **CulturesFrance** para algunha das súas viaxes artísticas internacionais. A compañía Käfig está en residencia en **l'Espace des Arts-Scène nationale de Chalon sur Saône** e no **l'Espace Albert Camus de Bron**.

Terrain Vague reúne nun mesmo escenario unha aproximación ao espectáculo do circo, o baile e a teatralidade. Os artistas, que comparten esta aventura, son bailaríns, acróbatas e actores, unha suma de individualidades que fusionan un grupo solidario ao servizo da historia.

Ao redor deste grupo converxen todas as enerxías, a do hip-hop parecida a do circo. O punto de partida é o «solar», o «terrain vague», o lugar onde cada un pode ir con plena liberdade, construír, xogar, crear; un lugar de paso, de encontro, de vida.

Unha burbulla de aire fronte ao urbano, un respiro fronte aos problemas do exterior.

Un microcosmos pintoresco. Un lugar onde todo é posíbel.



Estela Lloves: Ábreme o tempo, respírame curva

VENRES 25 | CEMITERIO DE BONAVAL | 19.00 h | 21.00 h

Idea, coreografía e dirección: **Estela Lloves** / Música: **Händel** Duración: **25'**

Un tempo que se atopa nalgún intersticio da realidade, tempo de pensamento reverdecido de dozura e desarmado do poder tiránico do sufrimento. Un tempo de inspiración curvada, e espiración "sistálica", máis aló do vaidoso engano da liña recta, conformado de segundos estrelados, minutos de segredos perdidos, e horas de encontros invisíbeis.

Un tempo; o meu tempo, o tempo dos meus ollos, o tempo da miña lingua, o tempo dos meus ouvidos, o tempo do meu corazón e do meu intestino...



Un tempo seica, desde onde poder reconciliarme comigo mesma, co que eu son:

ar sentado e correndo á vez, muller camiñando elegante e tropezando simultaneamente, palabra tatexa enviando mensaxes submarinas en clave de locutora deportiva... isto, é o que eu son.

Uxía P. Vaello: Arder nun hotel

SÁBADO 26 | XARDÍNS DE VISTA ALEGRE | 16.30 h

Creación e interpretación: **Uxía P. Vaello** / Asistencia coreográfica e textos: **Catarina Câmara** / Son: **Daniel Patiño** / Vestiario: **Uxía P. Vaello, Clotilde Vaello** / Apoios: **Teatro Galán, Centro Coreográfico Galego** / Duración: **35'**

Arder nun hotel é creado e, ao mesmo tempo experimentado, por min. Un accidente provocado e un medo desexado. Lume seccionado. Ah! Canto pracer lle causaría quentarse cun mistiño! Se se atrevese a sacar un só da caixa, a fregalo contra a parede e quentar os dedos...!

fire /fɪr/ |,fai(ə)r/ |,fɪɹ/ noun

1 combustion or burning, in which substances combine chemically with oxygen from the air and typically give out bright light, nosheat, and smoke: *his house was destroyed by fire.*

▮ *the stories fired my imagination* stimulate, stir up, excite, awaken, arouse, rouse, inflame, animate, inspire, motivate.

▮ a destructive burning of something: *a fire at a hotel.*

Astrakan: Marche, danses de verdure (Marcha, dazas verdes)

SÁBADO 26 | PARQUE DA MÚSICA | 17.00 h | 19.00 h

Creación: **Daniel Larrieu** / Interpretación: **Jérôme Andrieu, Agnès Coutard, Daniel Larrieu, Anne Laurent** / Construción madeira: **Christophe Poux** / Asistente: **Louise Vayssié** / Accesorios: **Christine Volland** / Dirección técnica: **Franck Jamin** Produción: **Astrakan** / Coprodución: **entre cour et jardins, Césaré – studio de creación musical**, en colaboración con **le Manège – Escena nacional de Reims** / Duración: **60'**. Astrakan ten o apoio da **DRAC Ile-de France / Ministerio de Cultura e de Comunicación**.

Camiñar, andar, mirar, sentir, esperar, contemplar, tocar, ver, escoitar, respirar, relaxar, sorrir, sentar, pechar os ollos, descruzar os brazos, sentir os outros, andar xuntos, mirar atrás, sentir o tempo, non esperar, contemplar a paisaxe, estar conmovido, ver mais aló, escoitar (...) sentir os outros ao seu arredor, andar xuntos a ritmos diferentes, mirar para atrás mais lonxe aínda, e por diante e polos lados, sentir o tempo pasado, presente e futuro (...) sorrirlles ás árbores que achegan as súas sombras, sentar no pasado dos recordos dolorosos, descruzar os brazos sen medo das represalias. Coreografías que amosan diálogos posíbeis coa natureza.



Unber Humber: D'un jour á l'autre (Dun día a outro)

SÁBADO 26 | PARQUE DE BONAVAL | 18.30 h | 21.00 h

Coreografía: **Patricia Ferrara** / Intérpretes: **Antonia Pons Capo, Jérôme Brabant** / Responsábel técnico: **Christophe Bergon** / Duración: **40'** / Coprodución: **Théâtre de la Digue e CDC Toulouse Midi-Pyrénées**. O grupo Unber Humber ten o apoio do **Ministerio de Cultura e de Comunicación/DRAC Midi Pyrénées** (axuda á compañía) e polo **Conseil Régional de Midi-Pyrénées, Conseil Général de la Haute-Garonne** e o **Concello de Toulouse** (axuda ao proxecto).

En *D'un jour à l'autre* (Dun día a outro), afirmo o meu desexo de traballar a partir do baleiro. É entón un espazo branco, sen marcas, co cal quero enfrontarme. É o espazo da apertura, das lecturas e sentidos múltiples, da imaxinación pura. Durante os ensaios, sentín a dificultade de integrarme nunha forma, atopar un paso/momento coa materia coreográfica e a forma co contorno determinado.



(entradas)*

COMPOSTELACULTURA "C"

mostra de danza na rúa * galiza-francia santiago de compostela * 25, 26 e 27 de xuño de 2010

© dos textos e das imaxes, os autores

Organiza



CONCELLO DE SANTIAGO

Concellaría de Cultura e Centros Socioculturais

Patrocinan



CONSORCIO DE SANTIAGO



XUNTA DE GALICIA

Colaboran



CONSORCIO DE GALICIA



CONSORCIO DE GALICIA



(entradas)*

venres 25

18.00 h ZONA "C" Käfig: Terrain vague (Terreo baldío)

19.00 h CEMITERIO DE BONAVAL Estela Lloves: Ábreme o tempo, respírame curva

20.00 h ZONA "C" Käfig: Terrain vague (Terreo baldío)

21.00 h CEMITERIO DE BONAVAL Estela Lloves: Ábreme o tempo, respírame curva

sábado 26

16.30 h XARDÍNS DE VISTA ALEGRE Uxía P. Vaello: Arder nun hotel

17.00 h PARQUE DA MÚSICA Astrakan: Marche, danses de verdure (Marcha, danzas verdes)

18.30 h PARQUE DE BONAVAL Unber Humber: D'un jour á l'autre (Dun día a outro)

19.00 h PARQUE DA MÚSICA Astrakan: Marche, danses de verdure (Marcha, danzas verdes)

20.00 h PARQUE DE BONAVAL Uxía P. Vaello: Rewind. Fantasías en 1987

21.00 h PARQUE DE BONAVAL Unber Humber: D'un jour á l'autre (Dun día a outro)

domingo 27

13.00 h PRAZA DO OBRADOIRO Beau Geste: Transports Exceptionnels (Transportes Excepcionais, dúo para un bailarín e unha escavadora)

17.00 h SANTA SUSANA Entremáns: Si quiero

18.00 h PRAZA DO OBRADOIRO Beau Geste: Transports Exceptionnels (Transportes Excepcionais, dúo para un bailarín e unha escavadora)

19.00 h HOSPITALIÑO Entremáns: A medio metro de lo vivido

Uxía P. Vaello: Rewind. Fantasías en 1987

SÁBADO 26 | PARQUE DE BONAVAL | 20.00 h

Idea orixinal: **Uxía P. Vaello** e **Borja Fernández** / Dirección: **Uxía P. Vaello** / Interpretación: **Borja Fernández** / Asesoría no traballo: **Xan Cejudo** / Deseño iluminación: **Afonso Castro** / Colaboración escenográfica: **Ricardo Ramírez** / Músicas: **Es Un Árbol / Cró!**

Apoio en residencia / loxística e axuda na produción: **AGADIC** e **Centro Dramático Galego** / Duración: **35'**



O intérprete-creador Borja Fernández, convertido por veces na personaxe creada pola súa propia imaxinación froito da transformación das súas lembranzas da infancia, habita un espazo de ficción creado con cartón, un deserto deste material do que van xurdindo imaxes, case a modo de espellismos, que remiten constantemente o espectador ao mundo do western.

Beau Geste: Transports Exceptionnels (Transportes excepcionais, dúo para un bailarín e unha escavadora)

DOMINGO 27 | PRAZA DO OBRADOIRO | 13.00 h | 18.00 h

Concepción: **Dominique Boivin** / Asistente: **Christine Erbé**
 Intérpretes: **Philippe Priasso, Eric Lamy** / Duración: **20'** / Coprodución compañía **Beau Geste** e **Scènes du Jura**. Co apoio de **LOXAM Rental**. Beau Geste é unha compañía coreográfica apoiada polo **Ministerio de Cultura e de Comunicación/DRAC de Haute-Normandie** e subvencionada pola **Région Haute Normandie**, o **Departamento de l'Eure** e a **cidade de Val-de-Reuil**, por **CulturesFrance** e l'**Odia Normandie** para certas viaxes artísticas.

É un soño de neno? É a idea de se atopar, tras moitos anos, co seu guindastre de xoguete/rapaz?

"Se, ás veces, imaxino a máquina como un ser humano brusco e imperfecto –á imaxe de Boris Karloff en Frankenstein– tamén intento rozar o marabillioso, a vertixe do soño da Bela e a Besta. Unha máquina, coa súa potencia, a súa elegancia e a súa beleza tamén pode evocar tanto os traballos de Hércules coma o mundo industrial do pintor Fernand Léger"

É un encontro inesperado, un dúo entre ferro e carne/pel. A escavadora e o bailarín?

Un debut de ópera, un canto lírico e onírico case universal que podería lembrarnos/facernos pensar na oda amorosa dun Romeo para a súa Xulieta.



Entremáns: Si quiero

DOMINGO 27 | SANTA SUSANA | 17.00 h

Creación e interpretación: **Ana Beatriz Pérez, Armando Martín**
 Música: **Autores Varios** / Produción: **Artestudio Xestión Cultural, S.L**
 Duración: **14'**

Rodando volves encontrar un anaco de min que quedou tupido na túa gorxa, estou preto... medindo as distancias, agora podes respirar os perdóns que nos devolvemos maldecindo bicos sen esquecer que sempre seremos dous nunha mesma roda...

Entremáns: A medio metro de lo vivido

DOMINGO 27 | HOSPITALIÑO | 19.00 h

Autoría e Coreografía: **Kirenía Martínez, Leodan Rodríguez**
 Interpretación: **Kirenía Martínez, Jordi Vilaseca** / Música: **Collage Musical** / Duración: **10'**

O vivido está renxendo a medio metro dun mesmo, só nos separa esa mera distancia que fai irreais os feitos. Canto se pode vivir a medio metro... canto nos pode afastar.

A medio metro, coma dúas illas

